

REGULAMENTO DE ADSCRICIÓN FUNCIONAL A EFECTOS DE DOCENCIA DAS MATERIAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO A DEPARTAMENTOS E ÁREAS DE COÑECEMENTO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Preámbulo

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, de acordo cos principios establecidos pola Lei 4/2007 do 12 de abril pola que se modifica a Lei Orgánica Universitaria (LOMLOU). Este RD establece no artigo 3 que corresponde ás universidades a elaboración dos planos de estudo, de acordo coas normas e requisitos que sexan de aplicación. Estes planos de estudo deberán ser verificados polo Consello de Universidades e autorizados para a súa implantación pola correspondente Comunidade Autónoma, tal e como indica a LOMLOU. Os títulos que se obteñan pola superación destes planos de estudo deberán ser inscritos no Rexistro de Universidades Centros e Títulos (RUCT). Polo tanto, de acordo co RD 1393/2007, nas titulacións adaptadas ao EEES non hai un catálogo de títulos aprobado polo Goberno ao que deben suxeitarse as universidades para a elaboración dos seus planos de estudo, nin tampouco directrices comúns propias de cada título, como ocorre nas actuais titulacións elaboradas consonte ao RD 1497/1987 do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudo.

Tal e como establece o RD 1497/1987, que regula as actuais titulacións de Diplomado e Licenciado, os planos de estudo debían axustarse ás directrices xerais e propias das titulacións nas que se establecían os créditos da materias troncais, distribución da carga docente teórica e práctica, e as adscricións de cada materia ás diferentes áreas de coñecemento. Pola contra, os novos planos de estudo dos títulos de Grao son verificados polos órganos correspondentes e acreditados para o correspondente rexistro no RUCT sen vinculación das materias e/ou módulos ás áreas de coñecemento, sendo esta unha competencia exclusiva de cada universidade.

Os novos programas formativos dos estudos oficiais da Universidade de Santiago de Compostela adaptados ao EEES, que son verificados polo Consello de Universidades, non establecen ningunha vinculación entre as materias dos programas de estudo e as áreas de coñecemento. Só coa asignación do encargo docente da materia aos profesores e ás profesoras se concreta esta vinculación polo que, co obxecto de corrixir esta situación, é necesario unha adscrición previa da materia á área de

coñecemento, así como establecer os mecanismos que permitan formular esta adscrición.

Así, no novo marco legal, as adscricións entre as distintas materias e as áreas de coñecemento deben considerarse como unha ferramenta funcional e flexible cara á organización da docencia e o profesorado universitario, nun contexto de racionalidade no que se conxuguen parámetros de planificación do cadro de persoal do PDI e de ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe (ordenación académica) inherentes.

A estes efectos, o Decreto 28/2004 do 22 de xaneiro (D.O.G. nº 27, do 9 de febreiro de 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, regula, no artigo 56, as funcións das facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias, correspondéndolles "a elaboración dos planos de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas compartidas por varios centros" así como "a realización das actividades de xestión académica que lles encomende a universidade".

Por outra banda, o artigo 82, apartado c), dos mesmos Estatutos establece que corresponde ao Consello de Goberno a aprobación dos planos de estudo logo do informe da comisión correspondente do Claustro.

De acordo con todo o anterior, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do día 19 de novembro de 2009 acorda aprobar este *Regulamento de Adscrición Funcional a efectos de Docencia das Materias das Titulacións de Grao a Departamentos e Áreas de Coñecemento na Universidade de Santiago de Compostela*.

Artigo 1. Sobre a adscrición das materias a áreas de coñecemento

a) Todas as materias das titulacións de Grao deberán estar adscritas a un mínimo de tres e a un máximo de cinco áreas de coñecemento, escollidas de entre as constituídas na Universidade de Santiago de Compostela, que se consideren adecuadas científica e academicamente a efectos de poder responsabilizarse da docencia na materia de que se trate.

b) A relación das áreas que teñan adscrita unha materia será priorizada, asignando os coeficientes de afinidade 3, 2 e 1, en función da súa adecuación académica para impartir a docencia na materia en cuestión.

c) Unha materia poderá propoñerse que estea adscrita a menos de tres ou a máis de cinco áreas de coñecemento, sempre que se acompañe a proposta de adscrición cunha argumentación razoada que a sustente.

d) A adscrición funcional a efectos de docencia das materias nos títulos de Grao será tomada como referencia para a asignación efectiva de encargo de docencia que recollerá explicitamente a Programación Académica Anual (P.A.A.).

Artigo 2.- Procedemento de adscrición de materias a áreas de coñecemento

a) A Vicerreitoría con competencias en organización docente, solicitará aos Directores dos Departamentos que formulen unha proposta inicial, aprobada polo seu Consello de Departamento, coas materias dos novos Graos para cuxa docencia se postulan as áreas de coñecemento que o constitúen. Nesta proposta os Departamentos deberán xustificar, con razóns académicas e científicas, a adecuación entre os contidos da materia cuxa adscrición a efectos de docencia pretenden e os propios da área.

b) O resultado do requirimento anterior, para cada título, será sometido a informe do Centro responsable do mesmo. O Decano/Director do Centro remitirá á Vicerreitoría con competencias en organización académica o informe, aprobado pola Xunta de Centro, no que se pronunciarán razoadamente sobre os seguintes puntos relativos a cada materia de cada un dos títulos impartidos no centro:

- Posible supresión dalgunha área reclamante de adscrición da materia ou inclusión doutras, co fin de dar cumprimento ao punto a) do artigo 1.
- Proposta dos valores de afinidade para cada unha das áreas finalmente propostas para a adscrición da materia.

c) As propostas das áreas, departamentos e centros estarán baseadas na información dispoñible recollida nas memorias dos títulos, nos encargos de docencia dos últimos cursos e nas táboas de afinidades entre áreas. Mais concretamente, os criterios de referencia que deberán ter en conta para formular as súas propostas son prioritariamente os seguintes:

- Afinidade dos contidos da materia coa área de coñecemento, tendo en conta tamén as actividades de investigación, transferencia de coñecemento e, de ser o caso, experiencia clínica.

- Historia previa da docencia de materias análogas ou afíns dos planos de estudo das titulacións de primeiro e segundo ciclo e de Grao na USC ou noutras universidades españolas.
- Orientacións dos Libros Brancos da Titulación elaborados para a ANECA.
- Directrices propias dos títulos de primeiro ou segundo ciclo directamente relacionados coa materia e titulación de que se trate.

d) A Vicerreitoría con competencias en organización docente analizará as propostas dos centros e valorará a aplicación racional dos criterios establecidos neste Regulamento, podendo solicitar os informes e o asesoramento de expertos que considere convenientes.

e) De ser o caso, para aquelas materias para as que non exista pronunciamento en relación á adscrición por parte das áreas de coñecemento ou centros, ou as argumentacións non sexan estimadas como suficientes, corresponderá á Vicerreitoría con competencias en organización docente formular de oficio unha proposta de adscrición así como o establecemento das correspondentes afinidades.

f) Coas modificacións que se teñan considerado necesarias, a Vicerreitoría elaborará unha proposta definitiva de adscrición que, previa exposición pública, negociación sindical e informe da COAP, será sometida á aprobación do Consello de Goberno.

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día dezanove de novembro de dous mil nove, aprobou o Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de Grao a departamentos e áreas de coñecemento na Universidade de Santiago de Compostela, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e tres de novembro de dous mil nove, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro

